

DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL 4º ESO

CURSO 2022-23

CPI San Tomé do Carballo Taboada

Educación Plástica e Visual e Audiovisual 4º ESO

1. Conceptos clave da programación	3
2. Contexto	6
3. Obxectivos contextualizados da ESO adaptados ao curso 2022- 2023.....	6
4. Estándares de aprendizaxe, grao mínimo de consecución, peso na cualificación, instrumentos de avaliación e competencias clave	9
4.1 4º ESO	9
5. Secuenciación e temporalización	13
5.1 4º ESO	13
6. Metodoloxía	16
6.1 Aspectos xerais	16
6.2 Estratexias metodolóxicas	17
6.3 Secuenciación habitual de traballo na aula.....	17
6.4 Outras decisións	18
7. Materiais e recursos didácticos	18
8. Avaliación	19
8.1 Avaliación inicial.....	19
8.2 Avaliación continua	19
8.3 Avaliación final	20
9. Outras avaliacións	21
9.1 Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente.....	21
9.2 Avaliación da programación didáctica	22
10. Plan de reforzo e recuperación.....	23
11. Atención á diversidade	23
12. Actividades complementarias e extraescolares	24
13. Datos do departamento.....	24
14. Lexislación	24
15. Anexo: Tratamento do teletraballo no caso de confinamento sanitario pola COVID-19	25

1. Conceptos clave da programación

2.- CONCEPTOS CLAVE (Orde OCD 65/2015 (BOE 29/1/2015)	
Desenvolvemento curricular	2ª nivel de planificación curricular. Elabora e revisa a CCP. Aproba o Claustro. Inclúese no PE
Programacións didácticas	3º nivel de planificación. Realizada polos departamentos didácticos
Programación de aula	4º nivel de planificación. Realizada polo profesorado.
Programación didáctica	Instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado. Debe responder a estas cuestións: 1.- Que, cando e como ensinar / 2.- Que, cando e como avaliar / 3.- Como atender á diversidade
Criterios de avaliación	Son os que deben servir de referencia par valorar o que o alumno sabe e sabe facer en cada área/materia. Desglósanse en estándares
Estándares de aprendizaxe	Especifican os criterios de avaliación concretando o que alumno debe comprender, saber e saber facer Pretenden graduar o rendemento ou o logro acadado. Deben ser observables, medibles e avaliáveis. Poden concretarse a través dos indicadores de logro
Criterios de cualificación	
Indicadores de logro	Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación do dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa graduación sería a rúbrica. (O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica)
Grao de consecución dun estándar	Serve para sinalar o grao mínimo de consecución esixible dun estándar para superara a materia (Art 13º, 3d da Resolución 27/7/2015) (Canto maior sexa o grao esixido de consecución máis imprescindible se considera o estándar)
Estándares imprescindibles	Son os estándares mínimos esixibles para superar un área. O seu grao de adquisición debería estar en torno ao 100%. (Galicia non os menciona)
Criterios de cualificación e instrumentos	Serven para ponderar o “o valor” que se dá a cada estándar e a proporción que cada instrumento utilizado para avalialo achega a ese valor.
Procedementos e instrumentos	Foron fixados no Proxecto curricular do Ministerios en 1992. Habería que engadir as Rúbricas ou escalas e os Portfolios . “Os procedementos de ava-

	<i>liación utilizables, como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente" (Ver artº 7º, 6, terceiro párrafo, da Orde OCD 65/2015 (BOE 29/1/2015)</i>
Rúbrica	Instrumento de avaliación que permite coñecer o grao de adquisición dunha aprendizaxe ou dunha competencia
Portfolio	Achega de producións dun alumno/a
OUTROS ASPECTOS	
Graduación dos estándares	Para identificar o progreso dos mesmos ao longo dunha etapa
Perfil de área	Conxunto de estándares que ten unha materia. Son a referencia para a programación, a avaliación e o reforzo (Ver artº 5º, 6 Orde ECD 65/2015)
Perfil competencial	Conxunto de estándares de diferentes áreas relacionados coa mesma competencia clave(Ver artº 5º, 7 Orde ECD 65/2015)
Avaliación das competencias	"A avaliación do grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos, na medida en que supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores(Artº 7º,3 da Orde ECD 65/2015)
Nivel de desempeño das competencias.	... "Poderanse medir a través dos indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación ... que teñan en conta á atención á diversidade (Art 7º, 4 da Orde ECD/65/2015)
Tarefa	É a acción ou conxunto de accións orientadas á resolución dunha situación ou problema, nun contexto definido, combinando todos os saberes dispoñibles para elaborar un produto relevante. As tarefas integran actividades e exercicios.
Identificación de contidos e criterios	Exemplo: B1.1 : B1: Bloque de contido / 1: Número de contido dun bloque
Identificación de estándares	Exemplo: XH B1.1 .2 XH: Abreviatura da área: Xeografía e Historia B1. Bloque de contidos do que xorde o estándar 1. Número do criterio de avaliación que orixina o estándar 2. Número de estándar dun determinado criterio de avaliación.

2. Contexto

Características do centro:

Situación:

Centro Público Integrado dependente da Consellería de Educación, situado no centro sur da provincia de Lugo, no concello de Taboada.

Centros adscritos:

Non ten.

Ensinanzas que oferta o centro:

- ✓ Educación Infantil
- ✓ Educación Primaria
- ✓ Educación Secundaria Obrigatoria

Características singulares:

O centro esta composto por tres edificios e zonas deportivas e de lecer:

Os de Infantil e Primaria que se atopan no mesmo recinto, xunto coas instalacións de comedor.

O de Secundaria, que se atopa distanciada dos anteriores, a aproximadamente 200m.

O centro dispón de servizo de transporte e de comedor.

Ten horario de xornada continua. En ESO hai clase á tarde os martes.

Profesorado estable ao longo dos cursos, con poucos traslados.

O alumnado vive maioritariamente nun entorno rural, en casas familiares onde conviven con pais e avós, adicados fundamentalmente a gandaría e a agricultura.

A maioría dos pais/titores teñen estudos primarios.

O acceso a Internet nos domicilios non é maioritario.

En moitos casos, a nivel de ESO, o estudo dos fillos non é unha prioridade para as familias, polo que o nivel de implicación na aprendizaxe dos pais/titores non é o axeitado.

3. Obxectivos contextualizados da ESO adaptados ao curso 2022- 2023

- 1 a) **Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos** no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática. **Competencia social e cívica. (CSC)**

-
- | | | |
|---|--|---|
| 2 | b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo , como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. | Competencia social e cívica. (CSC) |
| 3 | c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller. | Competencia social e cívica. (CSC) |
| 4 | d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexear a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos. | Competencia social e cívica. (CSC) |
| 5 | e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Acadar unha preparación básica no eido das tecnoloxías , especialmente as da información e a comunicación. | Competencia dixital (CD). |
| 6 | f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia. | Competencia en aprender a aprender. (CAA).
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCCT). |
| 7 | g) Desenvolver un espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades. | Competencia en aprender a aprender. (CAA).
Competencia en sentido da iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE). |
| 8 | h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura. | Competencia en aprender a aprender. (CAA).
Competencia en comunicación lingüística (CL). |
| 9 | i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada. | Competencia en comunicación lingüística (CL). |
-

- 10 l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- 11 m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- 12 n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- 13 ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- 14 o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.
- Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC).**
- Competencia en aprender a aprender. (CAA).**
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CMCCT).**
- Competencia en aprender a aprender. (CAA).**
- Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC).**
- Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC).**
- Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC).**
- Competencia en comunicación lingüística (CL).**

BLOQUE 2 DEBUXO TÉCNICO

Peso do bloque	Grao mín. de consecución	Id. do criterio	Id. do estandar	Estándares de aprendizaxe	Peso na cualificación	Instrumentos			competencias clave						
						Probas obxectivas	Produtos	Observación	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
20%	50%	B2.1.	EPVAB2.1.1.	Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo.	5%		20%	80%		X		X			
			EPVAB2.1.2.	Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico.	10%		70%	30%		X		X			
			EPVAB2.1.3.	Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces.	10%		80%	20%		X		X			
			EPVAB2.1.4.	Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplica á creación de deseños persoais.	10%		50%	50%		X		X			
		B2.2.	EPVAB2.2.1.	Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais.	20%	20%	60%	20%		X		X			
			EPVAB2.2.2.	Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas.	20%	20%	60%	20%		X		X			
			EPVAB2.2.3.	Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.	5%		80%	20%		X		X			
			EPVAB2.2.4.	Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.	15%	20%	60%	20%		X		X			
		B2.3.	EPVAB2.3.1.	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.	5%		50%	50%		X		X			

BLOQUE 4 LINGUAXE AUDIOVISUAL E MULTIMEDIA

Peso do bloque	Grao mín. de consecución	Id. do criterio	Id. do estándar	Estándares de aprendizaxe	Peso na cualificación	Instrumentos			competencias clave						
						Probas obxectivas	Produtos	Observación	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
20%	50%	B4.1.	EPVAB4.1.1.	Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.	5%		20%	80%			X		X	X	
		B4.2.	EPVAB4.1.2.	Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película.	15%		70%	30%					X		
			EPVAB4.2.1.	Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.	10%	20%	60%	20%			X		X	X	
			EPVAB4.2.2.	Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.	20%	20%	60%	20%			X		X	X	
			EPVAB4.2.3.	Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.	10%		80%	20%			X		X	X	
			B4.3.	EPVAB4.3.1.	Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.	5%	20%	60%	20%			X		X	X
				EPVAB4.3.2.	Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.	10%		50%	50%			X		X	X
				EPVAB4.3.3.	Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.	10%						X	X	X	X
			B4.4.	EPVAB4.4.1.	Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.	15%						X		X	X

5. Secuenciación e temporalización

5.1 4º ESO

1ª AVALIACIÓN

UNIDADES DIDÁCTICAS			MATERIAIS	TEMPORALIZACIÓN		PROBAS
Nº	IDENTIFICADOR	CONTIDO		MES	Nº SESIÓNS	
1	B 1.1.	A linguaxe plástica e visual na creación da composición artística	Presentacións / exercicios	/ SET	7	Presentación traballos/ Proba escrita
	B 1.2.	Leis da composición				
	B 1.3.	Leis da composición: movemento, ritmo e liñas de forza				
2	B 1.4.	Cor como ferramenta simbólica	Presentacións / exercicios	/ OUT	7	Presentación traballos/ Proba escrita
3	B 1.5.	Técnicas de expresión gráfico-plástica. Experimentación con diversos materiais	Presentacións / exercicios	/ OUT	6	Presentación traballos/ Proba escrita
	B 1.6.	Interese pola investigación sobre materiais, soportes, técnicas e ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da información nas creación propias.				
	B 1.7.	Iniciativa, creatividade e autoesixencia no proceso de produción propio.				
	B 1.8.	Seguimento do proceso de creación: bosquexo, proxecto, presentación final e avaliación (reflexión propia e avaliación colectiva).				

4	B 1.9.	Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa.	Presentacións / exercicios	/ NOV	13	Presentación traballos/ Proba escrita
5	B 1.10.	Lectura e valoración de obras artísticas e imaxes en distintos soportes.	Presentacións / exercicios	/ DEC	6	Presentación traballos/ Proba escrita
	B 1.11.	Análise de distintas obras de arte Situándoas na época, na técnica e no estilo aos que pertencen. Valoración do patrimonio artístico.				

2ª AVALIACIÓN

UNIDADES DIDÁCTICAS			MATERIAIS	TEMPORALIZACIÓN		PROBAS
Nº	IDENTIFICADOR	CONTIDO		MES	Nº SESIÓNS	
1	B 2.1.	Utensilios de debuxo técnico: estudo e manexo.	Presentacións / exercicios	XAN	3	Presentación traballos/ Proba escrita
	B 2.2.	Trazados xeométricos: cuadriláteros, polígonos regulares e división da circunferencia.				
2	B 2.3.	Tanxencias e enlaces.	Presentacións / exercicios	XAN	1	Presentación traballos/ Proba escrita
3	B 2.4.	Aplicación dos procedementos de trazado de cuadriláteros, polígonos, tanxencias e enlaces no deseño de motivos xeométricos	Presentacións / exercicios	XAN	3	Presentación traballos/ Proba escrita
4	B 2.5.	Interpretación das pezas a través das súas vistas diédricas.	Presentacións / Ejercicios	XAN/ FEB	3	Presentación traballos/ Proba escrita
	B 2.6.	Trazado, medidas e posición correctas das vistas de pezas sinxelas. Liñas vistas e ocultas. Esbozo á man alzada e con utensilios de debuxo técnico.				
5	B 2.7.	Perspectiva cabaleira. Posición dos eixes e coeficiente de redución. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas.	Presentacións / exercicios	FEB	4	Presentación traballos/ Proba escrita
6	B 2.8.	Sistema axonométrico: isometría. Posición dos eixes. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas.				
7	B 2.9.	Perspectiva cónica central.	Presentacións / exercicios	FEB	3	Presentación traballos/ Proba escrita
	B 2.10.	Perspectiva cónica oblicua.				
	B 2.11.	Análise das posibilidades da posición				

		do punto de vista.				
8	B 2.12.	Debuxo asistido por computador. Trazado de pezas planas e tridimensionais sinxelas.	Presentacións / Exercicios	FEB	2	Presentación traballos/ Proba escrita
9	B 3.1.	Análise das linguaxes visuais cotiás (arte, deseño, publicidade, etc.).	Presentacións	MAR	3	Presentación traballos/ Proba escrita
	B 3.2.	Fases do proceso de deseño				
	B 3.3.	Análise da estética e a funcionalidade do deseño industrial de obxectos.				
	B 3.4.	Análise da estética e funcionalidade do feísmo arquitectónico.				
	B 3.5.	Campos de aplicación do deseño.				
10	B 3.6.	Deseño de composicións modulares utilizando trazados xeométricos.	Presentacións / Exercicios	MAR	3	Presentación traballos/ Proba escrita
11	B 3.7.	Compoñentes da imaxe corporativa: nome, cor, tipografía, logotipo, deseño, etc.	Presentacións / Exercicios	MAR	5	Presentación traballos/ Proba escrita
	B 3.8.	Secuenciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas do deseño.				
	B 3.9.	Informática ao servizo dos proxectos de deseño.				
12	B 4.1.	Tipos de planos cinematográficos. Análise dos factores expresivos e a súa simboloxía.	Presentacións / exercicios	ABR	5	Presentación Traballos/ Proba escrita
	B 4.2.	Realización dun storyboard.				
	B 4.3.	Estudo de planos, angulacións e movementos de cámara no cine.				

3ª AVALIACIÓN

UNIDADES DIDÁCTICAS			MATERIAIS	TEMPORALIZACIÓN		PROBAS
Nº	IDENTIFICADOR	CONTIDO		MES	Nº SESIÓNS	
1	B 4.4.	Criterios estéticos na elaboración de fotografías.	Presentacións / exercicios	ABR	5	Presentación traballos/ Proba escrita
2	B 4.5.	Finalidade expresiva das imaxes fotoxornalísticas.	Presentacións / exercicios	MAI	3	Presentación traballos/ Proba escrita
	B 4.6.	Creación dixital de imaxes.				
3	B 4.7.	Deseño dun proxecto publicitario.	Presentacións / exercicios	MAI	5	Presentación traballos/ Proba escrita
4	B 4.8.	Desenvolvemento dun proxecto persoal.	Exercicios	MAI	5	Presentación traballos/ Proba escrita
5	B 4.9.	Análise crítica da linguaxe publicitaria.	Presentacións / Exercicios	XUN	4	Presentación traballos/ Proba escrita

6. Metodoloxía

6.1 Aspectos xerais

- Mantearse comunicación co alumnado empregando a plataforma edu.xunta e a aula virtual. É dicir, traballarase presencialmente como se se tratase dun ensino telemático, coa finalidade de familiarizar ao alumnado coas ferramentas dixitais.
- Partir da competencia inicial do alumnado
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe
- Potenciar as metodoloxías activas
- Combinar traballo individual e cooperativo
- Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas

NOTA: Farase especial fincapé da atención á diversidade na parte dixital e na transición a unha aprendizaxe non presencial. Hai alumnos que están moi afeitos a manexar computadoras e outros só dispoñen do ordenador da aula TIC do centro.

- Sempre que se poida, realizaranse as tarefas integramente na clase.
- Antes de realizar cada traballo, o alumnado saberá como vai ser puntuado cada aspecto do mesmo.

6.2 Estratexias metodolóxicas

- Relacionar a teoría coa práctica, buscando a aplicación do aprendido.
- Traballar con casos prácticos encamiñados á resolución de problemas reais, presentes na vida cotiá.
- Propiciar o traballo en grupo, respectando a iniciativa e creatividade de cada unha das persoas que o compoñen.
- Uso das novas tecnoloxías da información e comunicación, tanto para a busca e selección de informacións específicas como para a elaboración de proxectos creativos.
- Potenciar a flexibilidade na elección de tratamentos ou recursos gráficos na resolución de proxectos.
- Incidir na necesidade do esforzo e tenacidade para o logro de destrezas e precisión nos obxectivos previstos.

6.3 Secuenciación habitual de traballo na aula

Posible secuencia:

- Motivación:

Presentación teórica de cada tema, determinación clara dos obxectivos que se perseguen.

Información da profesora:

- Información básica para todo o alumnado
- Información complementaria para reforzo e apoio
- Información complementaria para afondamento e ampliación

Traballo persoal

- Realización práctica de exercicios e láminas.

-
- Emprego das TIC (traballo na aula de informática e acceso e recursos virtuales para coñecemento e utilización de programas de debuxo técnico e deseño por ordenador a nivel básico).
 - Presentación oral de traballos relacionados coa arte e o deseño (traballos para fomentar a aprendizaxe cooperativa e favorecer a oralidade)

Avaliación:

- Probas escritas
- Traballos individuais e en grupo
- Observación do traballo na aula

6.4 Outras decisións

AGRUPAMENTOS:

- Non haberá AE na área de EPVA.

TEMPOS:

- En 4º de ESO estruturaránse os tempos da seguinte maneira:
 - 3 sesións semanais destinaránse a explicacións e realización de traballos prácticos.

ESPAZOS

- Aula de Educación Plástica, Visual e Audiovisual. Aulas de Informática cando sexa preciso. Outros espazos do centro.

7. Materiais e recursos didácticos

O material a empregar estará dispoñible na aula virtual de xeito que o alumnado poderá dispoñer del en calquera circunstancia. Non hai libro de texto físico.

Os recursos didácticos a empregar serán os seguintes:

- o Libros de consulta, tendo en conta os protocolos de hixiene.
- o Recursos WEB

- o Material funxible vario para a realización das actividades prácticas.
- o Material colgado na aula virtual.

8. Avaliación

8.1 Avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial no mes de setembro para coñecer as condicións académicas iniciais do alumnado. Dita proba terá carácter informativo.

8.2 Avaliación continua

Ao longo do curso realizaranse tres sesións de avaliación, unha por cada trimestre.

En cada avaliación farase polo menos, unha proba teórica (T).

O alumnado realizará e entregará os traballos prácticos (produtos P) requeridos en cada avaliación.

É necesario entregar todos os exercicios para poder aprobar.

A nota de cada avaliación responderá á seguinte fórmula:

$$\text{NOTA} = 0,3 \times T + 0,6 \times P + 0,1 \times A$$

Onde “T” será a media das probas teóricas que se realicen na avaliación, “P” será a media das tarefas e/ou proxectos feitos tanto individual coma en grupo e “A” será a actitude do alumnado na aula.

As prácticas deben entregarse en tempo e forma. De non facelo en tempo, penalizarase de xeito que non poderán ser cualificadas con máis dun 5.

En cada avaliación o alumnado partirá dun “1” no apartado de actitude e descontaranse 0,1 puntos por cada un dos seguintes motivos:

- Falar reiteradamente cando hai que facer silencio (cando a profesora o pida).
- Non erguer a man para preguntar e /ou interromper á profesora durante unha explicación.
- Molestar a compañeiros ou profesora.

- Negarse a traballar
- Mirar páxinas de Internet non permitidas.
- Levantarse sin permiso.
- Chegar tarde a clase.
- Non traer o material a clase.
- Calquera outro comportamento que a profesora considere que prexudica o proceso de aprendizaxe.

Para aprobar a avaliación será necesario acadar unha nota mínima de 4,5 puntos.

A nota final da materia obterase facendo a media das tres avaliacións, sendo necesario para isto que as notas de cada avaliación sexan igual ou maiores de 4.

Para aprobara a materia, a nota final debe ser igual ou superior a 4,5 puntos.

Cando un alumno/a non supere unha avaliación deberá ir á avaliación final.

8.3 Avaliación final

O alumnado con algunha avaliación non superada deberá ir a avaliación final de xuño. Ésta consistirá en repetir ou facer as actividades suspensas e realizar unha proba escrita de recuperación.

Será necesario acadar como mínimo 4,5 puntos para superala.

No período comprendido entre a terceira avaliación (6 de xuño) e a avaliación final (23 de xuño), o alumnado que non supere a materia levará a cabo o plan de recuperación proposto, mentras que o alumnado que sí a supere realizará actividades de reforzo e ampliación.

9. Outras avaliacións

9.1 Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente	Escala			
(Indicadores de logro)				
Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				
Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				

- 5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?
- 6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe
- 7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?
- 8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?
- 9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?
- 10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?
- 11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?
- 12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?
- 13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares
- 14.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,... ?

9.2 Avaliación da programación didáctica

Revisarase trimestralmente a temporalización da programación.

Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica

Escala

(Indicadores de logro)

1 2 3 4

- 1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?
- 2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?
- 3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?
- 4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?
- 5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?
- 6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas
- 7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?
- 8.- Asígnase a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?
- 9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?
- 10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?
- 11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?
- 12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?
- 13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?
- 14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?
- 15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?
- 16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?
- 17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?
- 18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.
- 19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación

- 20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?
- 21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?
- 22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?
- 23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?
- 24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?
- 25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?
- 26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?
- 27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?
- 28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?
- 29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Art 21º, 5 do D.86/15)
- 30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso
- 31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?
- 32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?

10. Plan de reforzo e recuperación de pendentes

Propoñeranse diferentes traballos ao longo do curso que o alumno irá entregando nos períodos indicados polo profesor.

A cualificación final será a media de ditos traballos.

Se o alumno/a coa materia pendente non entrega de forma satisfactoria, ditos traballos, realizará unha proba escrita no mes de maio.

11. Atención á diversidade

Medidas ordinarias:

As medidas que pretenden atender, dentro do posible, ás diferenzas individuais do alumnado, son as seguintes:

- Diferenciar todos os contidos que resultan esenciais e básicos de aqueles outros que amplían ou afondan os coñecementos.
- Graduar a dificultade das tarefas propostas, de forma que todos/as alumnos/as poidan atopar espazos de resposta.
- Propoñer actividades complementarias de recuperación, para ser realizadas de forma individual.
- Especialmente importante é o tempo adicado; nalgúns casos debe ampliarse aínda que iso supoña a non realización de outras actividades.
- Formar grupos de traballo heteroxéneos nas actividades da Aula, con flexibilidade no reparto de tarefas, fomentando o apoio e a colaboración mutua.
- Finalmente, interpretar os criterios de avaliación aplicando os tipos de probas mais adecuados ós aspectos que se queren avaliar. Contemplar o conxunto de actividades que

se realizan na Aula. Considerar as características e posibilidades individuais de cada persoa, así como o seu comportamento, actitude e traballo diarios.

Medidas Extraordinarias.

Reunirase este Departamento co Departamento de Orientación para valorar se hai algún alumno/a que requira unha Adaptación Curricular nesta materia ou outras medidas organizativas.

12. Actividades complementarias e extraescolares

Ao longo do curso estaremos pendentes das ofertas que haxa neste senso co fin de proponer algunha actividade.

13. Datos do departamento

Materia	Curso	Grupo	Profesor/a
Educación Plástica e Visual	1º ESO	A	Ana María López Castaño
Educación Plástica e Visual	3º ESO	A	Ana María López Castaño
Educación Plástica e Visual	4º ESO	A	Lorena Pardo Sánchez
Educación Física	1º; 2º; 3º e 4º ESO	A	Lorena Pardo Sánchez

14. Lexislación

Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, polo que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da

Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).

Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).

Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).

ORDE do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

15.Anexo: Tratamento do teletraballo no caso de confinamento.

Atendendo a RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, no punto 30 faise referencia ás normas específicas relativas a metodoloxías na aula e programacións en caso de necesidade de ensino non presencial.

30.1 As programacións didácticas incluírán a metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia.

30.2 Incluírase na programación o modo de prover o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática. Tamén se incluírán os mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.

En canto ao apartado 30.1, o Departamento realizará a formación por medios telemáticos

da seguinte forma: usarase a Aula Virtual como repositorio de toda a documentación, actividades e probas necesarias para poder levar a cabo a adquisición e avaliación das competencias de xeito telemático.

As unidades de cada curso deseñaranse para poder ser realizadas dende casa case na súa totalidade. En caso de ter que realizar formación telemática (ben por que un alumno non pode asistir ou ben por unha suspensión da actividade lectiva presencial), tentaríase seguir a programación coa temporalización establecida, se ben se lle concedería prioridade as tarefas destinadas a acadar os contidos mínimos indicados na programación.

Os criterios de cualificación seguirán sendo os mesmos que na actividade formativa presencial.

Con respecto ao apartado 30.2, o Centro recibiu tres portátiles equipados con conectividade de 4G de balde para o uso daqueles alumnos/as que non dispoñan de medios

A comunicación cos alumnos/as será principalmente mediante mensaxería a través da aula virtual e/ou correo-e, se ben o alumnado deberá empregar os foros correspondentes para consultar dúbidas sobre as actividades. En momentos puntuais poderanse facer videoconferencias ou crear videotutoriais para a resolución de dúbidas ou explicación de certos contidos.

A comunicación coas familias no caso que fose necesario, sería mediante teléfono ou mensaxes a través do Espazo Abalar. Toda comunicación á familia será comunicada ao Titor/a do curso.